SABEDORÍA
POPULAR

A pataca forma parte da nosa historia, do noso medio de vida e, como non, da nosa tradición oral! Atentos!

LÁBRESME EN MARZO, LÁBRESME EN ABRIL,
ATA MAIO NON ME VERÁS SAIR.

Así que plantes cando plantes, non desesperes. A pataca ten o seu tempo e sabe moi ben cando ten que saír para aproveitar ao máximo as choivas e o sol.

O QUE QUEIRA COMER PATACAS EN SAN XOÁN, BÓTEAS CANDO O PAN.

Se queres patacas de cedo, hai que estar atento ao calendario de sementeira do trigo, e botalas nos meses de xaneiro ou febreiro, aínda que isto, aquí en Coristanco, non se estila!

SE NON CHOVE NO SAN XOAN,
AS PATACAS NON SE DAN

E é que, como se ve no apartado de "Tempo e tempos", os agricultores buscan sempre un verán con bastantes choivas que lle den á pataca a auga que precisa para medrar acompañada de outros días con moitas horas de luz.

UN PROXECTO DE:

TEX 45

COA COLABORACIÓN DE:

Concello de Coristanco

Deputación DA CORUÑA

Coa terra nas mans

UN DOCUMENTAL SOBRE A PATACA DE CORISTANCO

O CICLO DA PATACA





www.coaterranasmans.com

TEMPO E TEMPOS
DA PATACA

CANTO DURA O CICLO DA PATACA?

Poderíamos dicir que 4 MESES* entre plantación e recollida.

* Varía dependiendo da clase de pataca. A Kennebec, unha das máis cultivadas en Galicia, tarda 4 meses, sen embargo a fina de Coristanco ten un crecemento máis lento, e precisa polo menos un par de semanas máis.

CANDO HAI QUE PLANTAR?

Pois como todo en Galicia: depende!

En terras lixeiras, pódese comezar a plantar en febreiro ou marzo. Sen embargo, en terras pesadas, arxilosas, ás que lle costa máis secar tras as choivas, empézase máis tarde: abril ou maio.

CAL É O TEMPO IDEAL?

A fórmula máxica para a pataca:

En Coristanco, os agricultores piden sempre unha primavera relativamente seca e un verán con choivas abondo para aportar a auga necesaria, pero moitas horas de luz e calor.



PASO 1:



PREPARACIÓN

Búscase un terreo ben preparado, sen ocos e sen terróns. Para iso, dáse primeiro unha fresadura (para quitar as herbas que naceron desde a anterior colleita e ir movendo a terra), logo unha aradura (para voltear a terra en máis profundidade) e logo vólvese fresar.

Entre paso e paso debemos deixar pasar uns días para que a terra seque.



PASO 2:



PLANTACIÓN

Prepárase a terra cun arado, deixando listos os sucos nos que imos plantar as nosas patacas. Hai agricultores que abonan antes de plantar, e outros aproveitan para abonar durante a plantación.

Antes as patacas colocábanse a man, pero hoxe en día podemos empregar plantadoras de agulla ou de culler.



PASO 3:



COIDADO

Segundo as prantas van medrando, é importante mantelas libres de malas herbas, ben sexa a man ou cunha sachadora. Ademais, hai que estar atentos ás pestes. Se queremos evitar os pesticidas, podemos recorrer á permacultura ou a algún remedios naturais. Sabías que plantar Tomiño atrae a un tipo de mosca que remata co pulgón? Ou que a cebola repele a moitas pragas? E unha solución de allo machacado e férvido é un excelente "pesticida natural"! Os agricultores poñen todo o seu coidado en propiciar as condicións correctas para que a pataca medre, e cruzan os dedos para que o tempo acompañe.



PASO 4:



RECOLLIDA

Chegado o momento, hoxe en día emprégase unha apañadora que levanta as patacas e as deixa na superficie. Algunhas apañadoras recollen a pataca directamente, pero en Coristanco seguen facéndoo a man, para evitar machacalas.